



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Intervención

Aprobación da relación de liquidacións do prezo público pola prestación do servizo de Madrugadores do mes de setembro de 2025

EDICTO

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 16/10/2025, adoptou entre outros o acordo seguinte:

Aprobar a relación de liquidacións do prezo público pola prestación do servizo de madrugadores do mes de setembro de 2025, que comenza por 3269****J e remata por 3268****Z, cun total de 222 contribuíntes e por importe de 7.872,84 €.

Exposición: A relación de liquidacións do prezo público quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP

Durante o periodo de exposición pública contra as liquidacións incorporadas na relación, tódolos interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Recursos: Finalizado o prazo de exposición pública os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das FFLL, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente EDICTO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Narón, 16 de outubro de 2025

A alcaldesa- presidenta

Marián Ferreiro Díaz

2025/6805